

ASUNTO: INFORME TÉCNICO DA VALORACIÓN NUMÉRICA DO APARTADO CRITERIOS SUXEITOS A UN XUÍZO DE VALOR EN RELACIÓN AO PROCESO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "SUBMINISTRACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR ORNAMENTAL DAS RÚAS E PRAZAS DO CONCELLO DE NARÓN DURANTE AS FESTAS DE NADAL 2018-2019".

DESTINATARIO: MESA CONTRATACIÓN - CON/48/2018

O Xefe de Servizos Externos, a efectos de avaliar as ofertas presentadas para a contratación do servizo denominado SUBMINISTRACIÓN DE ILUMINACIÓN EXTERIOR ORNAMENTAL DAS RÚAS E PRAZAS DO CONCELLO DE NARÓN DURANTE AS FESTAS DE NADAL 2018-2019,

INFORMA:

Para a valoración das ofertas no apartado "Criterios suxeitos a un xuízo de valor", aplicaranse os criterios que figuran no prego de cláusulas administrativas obxecto deste contrato, que son as que seguen:

Memoria-proxecto decorativo de iluminación exterior das rúas e prazas (segundo o punto 2.1 do prego de prescricións técnicas). Puntuación máxima 40 puntos. Valorarase segundo os seguintes aspectos:

- Organización e claridade da memoria presentada (10 puntos).
- Coherencia no deseño da iluminación, e con respecto ao PPT (10 puntos).
- Orixinalidade e innovación nos deseños da iluminación. (8 puntos).
- Plan de instalación e mantemento. (12 puntos).

Tendo en conta os parámetros a avaliar expostos e unha vez analizada a oferta presentada pola única empresa licitante, CREACIONES LUMINOSAS S.L.; puntúase a proposta conforme figura no seguinte cadro:

EMPRESA OFERTANTE	ORGANIZACIÓN MEMORIA	COHERENCIA CO PPT	ORIXINALIDADE	INST. E MANTEMENTO	TOTAL PUNTUACIÓN
CREACIONES LUMINOSAS S.L.	7	8	5	5	26

Pasando a expor as consideracións a ter en conta da oferta presentada:



NARÓN
Servizos
Externos

CREACIONES LUMINOSAS S.L.:

- 1.- Memoria-proxecto decorativo. Relaciona os elementos a instalar en cada unha das ubicacións indicadas no Prego. Indica as especificacións técnicas de cada elemento suficientemente; non obstante, apreciase certa deficiencia en algunha presentación dos elementos lumínicos a instalar.
- 2.- Percíbese segundo a memoria, unha boa coherencia nos elementos que conforman o deseño da iluminación e con respecto ao PPT.
- 3.- Constátase un aceptable nivel de orixinalidade e innovación dos elementos presentados, posto que na proposta presentada, repítense elementos de iluminación do Nadal 2017-2018 nun nivel non superior ao 10% dos elementos, pero esa repetición prodúcese en diferentes ubicacións con respecto ao ano anterior.
- 4.- No apartado de Plan de Instalación e Mantemento, faise referencia ao uso dun sistema modular, que mellora tempos de instalación e mantemento, con respecto a outros sistemas, sin profundizar máis. Con respecto ao mantemento, simplemente indican o cumprimento do esixido no PPT.

Este é o meu informe que emito para os efectos oportunos en Narón, 14 de Novembro de 2018.

O XEFE DE SERVIZOS EXTERNOS

ASDO. FRANCISCO GARCIA GATO